

NORMATIVA SOCIAL MEDIA

(a seguir para a difusión das producións de TVG e RG a través de redes sociais, webs e blogs)

A CRTVG conta con:

1. Tres páxinas oficiais en Facebook:
 - CRTVG: <http://www.facebook.es/crtvg>
 - Televisión de Galicia: <https://www.facebook.com/televisiondegalicia>
 - Radio Galega: <https://www.facebook.com/aradiogalega>
2. Tres contas oficiais en Twitter:
 - CRTVG <http://twitter.com/crtvg>
 - TVG: <http://twitter.com/tvgalicia>
 - RG: <http://twitter.com/radiogalega>
3. Unha canle en Youtube (<youtube.com/tvg>)
4. Unha canle en Instagram (@tvgalicia)

Todos os programas, tanto de RG como da TVG, que dispoñan xa dunha ou queiran abrir unha nova conta nalguna destas redes deben cumprir a seguinte normativa para así formar parte da estratexia de comercialización en liña da que dispón a CRTVG.

1) DIFUSIÓN DOS PRODUTOS A TRAVÉS DE REDES SOCIAIS

a) FACEBOOK

Para a apertura dunha canle en Facebook dun produto da RG ou da TVG deberanse ter en conta as seguintes accións:

- ✓ Deberase notificar á Área de Innovación e Novas Canles da CRTVG para que dea a súa aprobación e para que o inclúa na información do programa/producto correspondente. Todos os programas que contén unha páxina en Facebook disporán na súa sección da web do plugin correspondente para darlle visibilidade.
- ✓ A Área de Innovación e Novas Canles tamén facilitará aos programas que o necesiten unha páxina en Facebook, realizando o proceso de apertura e seguimento.
- ✓ Deberá abrirse como páxina. Non serán válidos os perfís de usuarios ou os grupos tanto privados como públicos.
- ✓ Haberá que engadir a “crtvg” (comunidadecrtvg@gmail.com) como administrador da nova canle de Facebook e o resto de usuarios co perfil de editor.
- ✓ Deberase contar cunha *loyalty url* que sea representativa do programa.
- ✓ Deberán utilizarse as identidades dos programas en lugar de identidades particulares, tanto no avatar como na cover image.
- ✓ Deberase contar cunha cover image representativa do programa, tal e como se indica na seguinte imaxe:



A canle de Facebook estará ligada á marca á que pertenza (RG ou TVG), a través dunha banda identificativa situada no lateral esquerdo da cover image, como mostra a imaxe de exemplo, e tamén grazas á inclusión na foto de perfil ou avatar do símbolo correspondente, tal e como se recomenda no manual de estilo publicado na páxina web da CRTVG.

As canles de Facebook dos diferentes produtos da TVG e da RG deberán engadir as oficiais da CRTVG, TVG e RG como “páxinas preferidas”.

Deberase contar cunha pestana onde se publicarán as mesmas bases legais que están publicadas nas canles oficiais da CRTVG, TVG e RG.

b) TWITTER

- A apertura dunha canle en Twitter deberá notificarse á Área de Innovación e Novas Canles para que poida incluílo na información do programa/produto correspondente na web da CRTVG.
- Todos os programas que dispoñan de Twitter terán na súa sección os seus últimos comentarios.
- Todos os Twitter de programas deberán seguir a @crtvg
- Deberán utilizarse identidades dos programas en lugar de identidades particulares
- Os programas deberán proporner hashtags oficiais para o seguimento do programa, adiantándose aos telespectadores, que poderán recomendar a través das súas distintas emisións.
- En caso de falar da CRTVG ou dalgún programa da CRTVG que dispoña de conta oficial no Twitter, deberase etiquetar na publicación. Para facelo, deberase ser seareiro da páxina que se vai mencionar e á hora de redactar a publicación inserir un “@” seguido do nome de usuario do programa correspondente.
- No perfil de Twitter deberase especificar que o produto pertence á súa marca correspondente (CRTVG, TVG ou RG).
- Se o programa non dispón de páxina web, no perfil de Twitter incluírase a dirección da web da CRTVG.

- Se no deseño se utiliza unha imaxe, deberá aparecer o logo da marca á que corresponde (Televisión de Galicia, Radio Galega ou G)

c) Condicións xerais

- Os textos e outros documentos que colgue o programa serán relacionados con este e expresaranse en termos de prudencia e cortesía.
- Os formatos de inserción de horarios de emisión faranse empregando o sistema horario de 24 horas, do seguinte xeito: HH:MM, sen necesidade de engadirlle “h” ou “horas” ao final.
- En caso de falar da Televisión de Galicia, da Radio Galega, da CRTVG ou dalgún programa da CRTVG que dispoña de conta oficial no Facebook, deberase etiquetalo na publicación. Para facelo, deberase ser seareiro da páxina que se vai mencionar e á hora de redactar a publicación inserir un “@” seguido do nome do programa ou páxina oficial en Facebook e escollela da lista que aparecerá.
- En caso de que o público demande respostas que superen o ámbito do programa, deberá consultarse aos responsables de área e, no seu caso, á Dirección de Comunicación (dir.comunicacion@crtvg.es).

NOTA: As plantillas tipo das “cover images” e “avatar” están dispoñibles na Área de Innovación e Novas Canles da CRTVG e poderanse solicitar no correo crtvg@crtvg.es.

d) YOUTUBE

Non se poderán abrir canles en Youtube. Todos os vídeos deberán estar na canle de Youtube de Televisión de Galicia (youtube.com/tvg)

2) DIFUSIÓN DOS PRODUTOS A TRAVÉS DE WEBS/BLOGS

Os produtos da Televisión de Galicia ou da Radio Galega que se difundan nunha web externa deberán incluír un código de seguimento de Google Analytics que será facilitados pola Área de Innovación e Novas Canles. Todas as webs de produtos da Televisión ou da Radio Galega deberán incluír un enlace aos seus dominios correspondentes (www.tvg.es, www.radiogalega.es, www.crtvg.es) a través do seu logo. Os contidos creados nesas webs poderán ser utilizados polas webs oficiais da CRTVG.

3) OUTRAS REDES SOCIAIS

Para a apertura doutras redes sociais haberá que poñerse en contacto coa Área de Innovación e Novas Canles a través do teléfono 981 545 409 ou a través do mail crtvg@crtvg.es